

**1º premio - IX concurso de narración**  
**Organizado polo departamento de Lingua Galega**

***O Desatino De Nico***

Nico é un neno alegre, inquieto, simpático e gracioso. Os seus estudos non os leva moi ben, cústalle estudar.

A tódolos nenos lles cae ben pois é moi bo e cariñoso.

Hoxe deu as invitacións do seu aniversario aos compañeiros da clase. Vai a celebralo na súa casa o vindeiro sábado. Cumpre dez anos.

Como estamos en tempo de crise, xa lles dixo que non quería ningún agasallo.

Tamén invitou a Chuchi, unha vella que vive preto do colexio.

É moi amiga de tódolos nenos. Sempre lles conta contos, ensínalles xogos, cancións, chistes, trabalinguas... e rinse moito con ela. É moi alegre e divertida. Na vila din que ten algúns poderes máxicos. Os nenos chámanlle Avoafada.

Chegou o sábado tan desexado, reuníronse todos na casa de Nico. A súa nai tiña preparada unha boa merendola con unha gran torta de chocolate. Tiña un aspecto... boísimo! Chegou o momento de soprar as velas e Avoafada díxolle:

- Como non quixeches agasallos quero que pidas un desexo. Pensao ben que se cumprirá.

Nico dende hai un tempo, ten os libros coma un aburrimiento.

Sempre estaba castigado. Entón pensou:

“ Os nenos non terían que aprendelas, non habería deberes, nin que estudar. Iriamos ao colexio a xogar. Teríamos máis tempo para pasalo ben e seríamos os máis felices de mundo.”

E sen pensalo máis formulou o desexo:

“ PODER BORRAR AS LETRAS ”

En pouco tempo borrareinas todas- pensou.

A única solución para borrarlas era que as tiña que comer. Así cumpríriase o seu desexo.

Un día que a mestra estaba escribindo a regra do h, Nico comeuna. Que ben sabía! O seu gusto era como fresas con nata.

Menudas risotodas se oían na clase do que tiña escrito no encerado. A mestra non entendía o que pasaba.

- Que alivio! Xa non temos que pensar cando hai que poñela.- pensou Nico.

Outro día que a mestra ía facer preguntas da lección, Nico comeu as interrogacións. Desfacíanse na súa boca coma se foran un xeadó de chocolate.

- Xa non hai preguntas. Así tampouco haberá respostas. Que alivio! Pois era un engorro ter que estar contestando sempre a todo o que ela preguntaba- pensaba Nico.

Pouco a pouco tódalas letras ían desaparecendo dos libros, periódicos, letreiros... e a xente estaba desesperada, todo quedaba sen sentido.

Un día moi enfadado comeu as vogais, iso si que foi un caos... ninguén se entendía.

Xa podedes imaxinar a confusión que se armou no Camiño de Santiago. Miles de peregrinos nun “plis plas” quedaron profundamente desorientados.

A xente estaba desesperada, non podían consultar as rutas para seguir o camiño e os albergues para poder durmir, era tremendo o que sucedía.

De tantas letras que comeu Nico púxose moi enfermo. Tiña a cara pálida e a pel de cores, tivo que ir ao médico.

O médico ao velo, quedou preocupado. Non quixo dicir o que tiña. Era unha enfermidade moi grave chamada letritis aguga.

Se non actuaba a tempo podería morrer. Había que sacarlle a tempo tódalas letras. Operalo parecíalle moi perigoso porque estaban espalladas por todo o corpo.

Fíxolle facer moitísimos exercicios físicos. O pino, a carreta, o salto da rá, colleuno polas pernas e sacudiuno para que lle salísen as letras pola boca... pero non caía ningunha.

Nico sudoroso e canso atopábase cada vez peor.

O médico deitouno nunha camilla e foi ao seu botiquín, fixo unha mestura e nun vaso deulla a beber.

Nico cando tiña o vaso na boca dixo:

- Que cousa máis noxenta, revolveme as tripas!

E de asco comezou a vomitar letras e máis letras.

O médico quedou abraiado. Dáballe golpes na espalda para que non quedase ningunha.

Nico ao velas mandounas aos libros.

- Que alivio!- dixo Nico.

A súa cara cambiou de cor, xa estaba fóra de perigo.

Dende aquel día Nico cambiou moito. Decatouse dos danos que ocasionara polo seu egoísmo e deuse conta de:

Non vos despistedes

e las letras aprendede.

Eche un privilexio

ter un colexio.

E colorin colorado o tempo debemos sempre aproveitalo.

Laura Varela